



ANEXO III

REF.: 2017/CP/074

**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
4 INVESTIGADORES EN FORMACIÓN****AXUDA**

Referencia: ED431C 2016-015

Título: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia. Modalidade de grupos de referencia competitiva.

CENTRO: Facultade de Informática

OBJECTO DO CONTRATO: Colaborar nas tarefas do proxecto de investigación.

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 de luns a venres.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☒ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación ☐Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☐Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN

30 meses

DATA APROX. DE INICIO

01/05/2017

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1368.50 € (incluíndo o prorrateo de pagas extras).

PARTIDA ORZAMENTARIA: 6140 242613 541A 6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS**TITULACIÓN:**

Titulación superior (grao, licenciatura, enxeñería ou arquitectura).

Título de mestrado en Estadística ou similar ou, como mínimo, ter 60 ECTS superados nun mestrado destas características.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Estar matriculado nun programa de doutoramento nunha universidade galega.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Por correo electrónico ao enderezo ana.almecija@udc.es

PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Germán Aneiros Pérez, Ricardo Cao Abad e Ignacio García Jurado.

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios do Departamento de Matemáticas.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I./N.I.E./Pasaporte
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG



A Coruña/Ferrol, 13 de marzo de 2017

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Juan Manuel Vilar Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I./N.I.E./Pasaporte
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Título: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia. Modalidade de grupos de referencia competitiva.

Referencia: ED431C 2016-015.

Investigador Principal: Juan Manuel Vilar Fernández

DETALLES DA CONVOCATORIA

Tarefas a realizar: Realización da tese de doutoramento nalgũa das liñas de investigación do grupo de Modelización, Optimización e Inferencia Estatística (MODES) que se relacionan a continuación:

1. Aplicacións de técnicas binning en xeoestatística non paramétrica
2. Competencia e cooperación en problemas de xestión de recursos
3. Estimación en áreas pequenas con datos composicionais
4. Inferencia estatística para datos de gran volume mais nesgados
5. Métodos de ordenación de curvas e o seu uso en clasificación supervisada con datos funcionais: aplicacións a tests de diagnóstico
6. Selección de variables en modelos semiparamétricos de regresión funcional
7. Sistemas de axuda á decisión en problemas de rutas óptimas con replanificacións periódicas

Requisitos dos candidatos (deben cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes):

- Titulación superior (grao, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura) en Matemáticas, Estatística, Informática ou afíns
- Título de Mestrado en Estatística ou similar ou, como mínimo, ter 60 ECTS superados nun mestrado destas características
- Estar matriculado nun programa de doutoramento nunha universidade galega.

Criterios e valoración de méritos:



- Expediente da titulación superior: 25%, cualificación mínima para a súa valoración 6.5 sobre 10
- Expediente académico de mestrado: 25%, cualificación mínima para a súa valoración 7.5 sobre 10
- Publicacións relacionadas coas liñas de investigación propostas para as teses: 15%, ata 5% por cada publicación en revistas de difusión internacional, tendo en conta a relevancia da revista
- Traballos en congresos relacionados coas liñas de investigación: 5%, ata 2% por cada traballo
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario, aos candidatos de mais puntuación: 25%
- Outros méritos relacionados coas liñas de investigación (asistencia a congresos; cursos; participación en proxectos ou contratos de investigación; premios): 5%, correspondendo ata un máximo de 1.25% en cada un dos catro ítems citados

A máxima puntuación total é de 100 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da sede electrónica da UDC.
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Copia do expediente académico dos estudos (grao e mestrado) e dos xustificantes dos méritos incluídos no Curriculum vitae.

Lugar de presentación: Por correo electrónico a ana.almecija@udc.es

Prazo de presentación: 10 días desde a publicación da convocatoria no taboleiro da sede electrónica da UDC


Comisión de selección: A comisión de selección está composta polos tres seguintes investigadores do grupo MODES: Germán Aneiros Pérez, Ricardo Cao Abad e Ignacio García Jurado



Proposta de resolución, reclamacións e aceptación: A proposta de resolución provisional de concesión será comunicada aos interesados por correo electrónico e publicada no taboleiro do Departamento de Matemáticas na Facultade de Informática no prazo máximo dun mes a contar desde o día no que se inicia o período de presentación de solicitudes.

Os interesados disporán dun prazo de cinco días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para formular alegacións. Neste proceso non se poderán reformular as solicitudes presentadas. Terminado este período publicárase a proposta de resolución definitiva. Nela indicaranse os candidatos seleccionados, a lista de reserva, a lista de candidatos desestimados.

O investigador principal da axuda,



Juan Manuel Vilar Fernández